

Dona Susana Mariño Lorenzo, Secretaria Accidental do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 23 de setembro de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“7.- PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA PARA A EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO: SISTEMA XERAL VIARIO SX-VI1b. APROBACIÓN INICIAL

ASUNTO: *Proxecto de expropiación para a execución de planeamento do sistema xeral viario SX-VI1b. Aprobación inicial.*

EXPEDIENTE: *2024/U040/000001*

PROMOTOR: *Concello de Carballo*

REX. ENTRADA: *202499900004740 de data 21/08/2024*

REDACTOR: *Beatriz Blanco Lois (enxeñeira técnica agrícola colexiada nº 1909 COAG) como integrante da entidade ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.*

I. ANTECEDENTES

- *Certificación emitida pola rexistradora do Rexistro da Propiedade de Carballo o 22/05/2024 (registro de entrada do Concello núm. 20240000003543 do 11/06/2024) da que resulta que as fincas obxecto da expropiación non figuran inscritas neste.*
- *Presentación do Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución do planeamento: sistema xeral viario SX-VI1b, asinado por Beatriz Blanco Lois como integrante da entidade Estudio Técnico Gallego, S.A., o 21/08/2024, núm. de registro de entrada no Concello 202499900004740.*
- *Informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais de data 30/08/2024 propoñendo a aprobación inicial e a tramitación correspondente do proxecto de expropiación.*
- *Informe de intervención de data 10/09/2024 de retención de crédito (RC) para o gasto derivado da expropiación dos terreos necesarios para o desenvolvemento do sistema xeral viario SX-VI1b, número de operación 220240010563.*

II. NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (RDL 7/2015).*
- *Real Decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da lei do solo (RVLS).*
- *Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 (LEF).*
- *Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa (RLEF).*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 1020/1993, do 25 de xuño, polo que se aproban as normas técnicas de valoración e o cadro marco de valores do solo e das construcións para determinar o valor catastral dos bens inmobles de natureza urbana. (RD 1020/1993).*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).*


- Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).

III. OBXECTO

O Plan xeral de ordenación municipal de Carballo (PXOM) establece entre as súas determinacións a consecución dos terreos necesarios para posibilitar a conexión do sistema xeral viario SX-VIIa, situado no sector do solo urbanizable S-R3 e que actualmente está en execución, e o sistema xeral viario SXVI1c, situado no sector do solo urbanizable S-R11, para continuar coa creación dunha nova conexión viaria paralela cara ao oeste da estrada autonómica AC-552.

Este proxecto comprende o tramo intermedio entre ambos sectores, o sistema xeral viario SX-VIIb, cunha superficie total a expropiar de 2.976,00 m² de terreos clasificados polo PXOM como solo rústico de especial protección agropecuaria (SRPA), que en aplicación do establecido na disposición transitoria primeira 1.d) da LSG a categoría que corresponde a este tipo de solo rústico de especial protección na actualidade é a de solo rústico de protección ordinaria (SRPO).

A actuación afecta ás seguintes parcelas catastrais:



IV. FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Para o desenvolvemento deste sistema xeral previsto no PXOM, situado en solo clasificado como rústico de protección ordinaria, os terreos afectados poderanse obter, entre outras, por expropiación forzosa, de acordo ao disposto nos artigos 129.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 315.1 do Regulamento desta lei (Decreto 143/2016, do 22 de setembro). En consecuencia, a entidade Estudio Técnico Gallego, S.A. presenta en data 21/08/2024, núm. de rexistro de entrada 202499900004740, o Proxecto de expropiación para a execución de planeamento do sistema xeral viario SX-VIIb.

A aprobación e tramitación desta expropiación urbanística está regulada nos artigos 118 da LSG e 293 do RLSG en relación co disposto na Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 e o seu regulamento.

Os expedientes de expropiación por taxación conxunta encádranse na LSG como instrumentos de xestión urbanística. A actuación a realizar implica o exercicio da potestade expropiatoria por parte do Concello de Carballo, como entidade local territorial conforme ao disposto no artigo 4.1.d da Lei 7/1985 (LBRL), artigo 6.1.f) da Lei 5/1997 (LALGA) e artigo 2.1. da LEF, que establece a atribución desta potestade aos concellos para o cumprimento das finalidades que lle son propias, como nese caso é a execución dunha actuación urbanística prevista no PXOM.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece no artigo 21.1.j), como atribución do alcalde, as aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

En virtude da resolución da Alcaldía de data 22/06/2013, número 1646 (BOP da Coruña núm. 123 do 29/06/2023), sobre delegación de competencias, corresponde á Xunta de Goberno Local, por ter delegadas, entre outras, as atribucións referidas ás «aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización, todo elo nos termos previstos na normativa de urbanismo e ordenación do territorio de Galicia».

Visto o anteriormente exposto, constando os informes ao respecto dos servizos técnicos e xurídicos municipais do 30/08/2024 e 10/09/2024, e a proposta do concelleiro de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 13/09/2024 no expediente 2024/U040/000001, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos membros (7), ACORDA:

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación forzosa para a obtención dos terreos do sistema xeral SX-VI1b, polo procedemento de taxación conxunta, segundo o documento redactado pola entidade Estudio Técnico Gallego, S.A., asinado pola enxeñeira técnica agrícola nº colexiada 1909, comprensivo da delimitación territorial do ámbito, descrición de bens e dereitos e titulares afectados, fixación de prezos e follas de xustiprezo individualizadas.*

Segundo.- *Optar polo procedemento de taxación conxunta para a tramitación do expediente expropiatorio.*

Terceiro.- *Ter por declarada a utilidade pública dos bens e dereitos afectados segundo o planeamento e o proxecto expropiatorio aprobado.*

Cuarto.- *Someter á información pública o proxecto de expropiación aprobado inicialmente polo prazo dun mes, mediante a publicación de anuncios, no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia, para que aquelas persoas que puideran resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.*

Quinto.- *A relación de bens e dereitos afectados polo expediente expropiatorio é a seguinte:*

RELACIÓN BENS E DEREITOS AFECTADOS										
Nº FINCA	TITULAR	REF. CATASTRAL	D.N.I.	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	SITUACIÓN BÁSICA DO SOLO	DESTINO	SUPERFICIE TOTAL (m²)	SUPERFICIE AFECTADA EN PLENO DOMINIO (m²)	OUTROS BENS AFECTADOS	
									UD	DESCRIPCIÓN
1	FERREIRO FERREIRO JOSEFA (HERD. DE)	15019A239001130000EG	***7680**	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SISTEMA VIARIO)	RURAL	MONTE ROTURADO	12.607	120		
2	OUTEIRO RAMA TRINIDAD	15019A239001290000EJ	***0532**	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SISTEMA VIARIO)	RURAL	HORTA	1.673	569	50	UD FROITEIRA
									2	UD CASTAÑO
									42	UD TULLA
									1	UD TRASLADO PORTAL DE MADEIRA (2x1,80 M)
									50	ML MALLA DE ARAME (1,80 M)
									23	UD POSTE DE FORMIGÓN DE 2 M
3	BELLO OUTEIRO DOLORES	15019A239001280000EJ	***5624**	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SISTEMA VIARIO)	RURAL	HORTA	1.249	514		
4	BELLO OUTEIRO MARIA CARMEN	15019A239001270000EX	***5026**	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SISTEMA VIARIO)	RURAL	HORTA	1.333	471	23	UD FROITEIRA
5	MIRA LISTA MIGUEL ANGEL	001101900NH28F0001QH	***9782**	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SISTEMA VIARIO)	RURAL	XARDÍN	2.939	682	80	M2 MURO DE BLOQUE
									60	UD TULLA
									1	UD PISCINA (4x11 M)
									75	M2 SOLEIRA DE PLAQUETA
									15	M3 MURO DE PEDRA FORMIGONADA
									60	M2 SOLEIRA DE GRANITO
									8	UD ÁRBORE DE XARDÍN
									1	UD EDIF. (PEDRA TAQUEADA E CUBERTA DE PIZARRA 70 M2)
									1	UD TRASLADO DE FONTE DECORATIVA
									1	UD CUBERTA DE PISCINA ROBOTIZADA
									1	UD TRASLADO PÉRGOLA (3x4 M)
6	FONDO Mouro MARIA DULCISIMA (HERD. DE)	001600100NH28F0001YH	***1941**	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SISTEMA VIARIO)	RURAL	HORTA	2.495	620	10	UD TULLA
									20	ML MALLA DE ARAME (1,80 M)
									9	UD POSTE DE FORMIGÓN DE 2 M
									5	UD FROITEIRA
									18	M2 EMPARRADO KIWI

Sexto.- Proceder á notificación individualizada da presente resolución aos interesados, con traslado literal das follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a todos os que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, para que poidan formular cantas alegacións e reclamacións que consideren oportunas tanto con respecto ao expediente expropiatorio como á fixación do prezo xusto, no prazo dun mes contado a partir da data da notificación.

Sétimo.- As actuacións do expediente expropiatorio entenderanse en primeiro lugar, cos propietarios do ben ou titular do dereito obxecto da expropiación, polo que se pon de manifesto a conveniencia de presentar certificacións rexistras e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor dos titulares rexistras do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, co titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade; no resto dos casos, procederase a consignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe dos xustos prezos das fincas.

Oitavo.- Advertir que a publicación deste acordo producirá tamén os efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/15 do procedemento administrativo común das administracións públicas, para aqueles interesados aos que non poida serlle practicada a correspondente notificación. "

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
 O alcalde